

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 20 DE NOVIEMBRE DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte de novembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 13 de novembro de 2013.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz 15 e 16 do polígono 355, sitas na Fontenova-Outeiro de Laxe, parroquia de Benade; para a realización de obras de reforma en planta primeira diáfana para tres vivendas (A, C e D), no edificio con licenza de obra número 797/81, sito na ronda da Muralla, número 188; para a modificacións en edificacións de forno e almacén, como modificación da licenza urbanística aprobada na Xunta de Goberno Local do día 26 de outubro de 2011 e expedida co número 1612/11, para a rehabilitación de vivenda unifamiliar e anexos de almacén e forno (todos en edificación tradicional), situados en solo clasificado no pxom como núcleo rural, co número 20.1, denominado Corvelle, na parroquia de Coeo e para a legalización de edificación existente con expediente de infracción urbanística 12/05 e obras de demolición, reforma e ampliación para uso de vivenda unifamiliar dentro do ámbito do núcleo rural 21.7 Ventosiños de Abaixo-Ventosiños de Arriba, parroquia de Coeses.

2. XESTIÓN.- Acórdase a resolución de recurso de reposición no expediente contradictorio de ruína económica e técnica do inmovible número 1 da praza de Santo Domingo.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para realizar servizos extraordinarios por un funcionario adscrito á conserxería e a aprobación da forma de compensación.



Código Seguro de verificación: eGuMXh5QiMPBcHKfDHIypA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	21/11/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	eGuMXh5QiMPBcHKfDHIypA==	PÁGINA 1/2



ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 13extractoxg58

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20-11-2013

Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito á Sección de Cultura e a aprobación da forma de compensación.

Do mesmo xeito, acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal de Urbanismo-Disciplina Urbanística e a aprobación da forma de compensación.

Así mesmo, acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de arquitecto/a. pertencente ao cadro de persoal funcionario do Concello de Lugo, quenda libre.

Tamén se acorda a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para o acceso en propiedade a 3 prazas de delineante, vacantes no cadro de persoal funcionario do Concello de Lugo, quenda libre.

Acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para o acceso en propiedade a unha praza de enxeñeiro/a técnico/a industrial, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal.

Acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo convocado por este concello para o acceso en propiedade a unha praza de auxiliar administrativo/a, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Concello de Lugo, quenda libre.

Igualmente acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo convocado por este concello para o acceso en propiedade a unha praza de celador/a de colexio público, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Concello de Lugo.


Acórdase a modificación das retribucións mensuais fixas que perciben un oficial e dous policía locais, por deixar de prestar servizos na unidade da patrulla verde e integrarse nas quendas rotatorias de mañá, tarde e noite.

Tamén se acorda adiar o expediente relativo o resultado da investigación levada a cabo como consecuencia do acordado pola Xunta de Goberno Local o día 14 de xuño de 2013, para un mellor estudo e consulta.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:eGuMXh5QiMPBcHKfDHIypA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	21/11/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	eGuMXh5QiMPBcHKfDHIypA==	PÁGINA	2/2


eGuMXh5QiMPBcHKfDHIypA==